

PARALÍMPICOS CON SELO GALEGO NA OLIMPIÁDA PARIS 2024



ADIARATOU IGLESIAS (Bamako, Malí, 1999). Atletismo adaptado. A vida desta atleta é unha historia de loita e superación en si mesma. Abandonou o seu país natal polas supersticións cara ás persoas albinas e pasou dous anos nun orfanato até que foi adoptada por unha familia luguesa. Hoxe é unha atleta de primeiro nivel que se coroou en Toquio co ouro nos 100 metros e a prata nos 400 na clase T13. En Paris volve aspirar a todo



GUSTAVO NIEVES (Vilalba, 1982). Atletismo adaptado. Como a maioría dos mozos, a Gustavo Nieves empezoulle tirando o fútbol, e mesmo fixo as probas para entrar no Celta. E cando unha atrofia do nervio óptico truncou a súa carreira aos 17 anos, lonxe de renderse, cambiou de disciplina: o atletismo adaptado. Disputará a maratón de París nos que serán os seus sextos Xogos.



DESIRÉE VILA (Gondomar, 1998). Atletismo adaptado. Desde moi nova empezou a practicar ximnasia acrobática e a súa paixón polo deporte non esvaeceu cando perdeu unha perna en 2015. Tres anos despois iniciouse no atletismo adaptado e en 2021 estreouse como olímpica en Toquio, onde foi sexta en salto de lonxitude e semifinalista nos 100 metros lisos, récord estatal incluído.



SUSANA RODRÍGUEZ GACIO (Vigo, 1988). Paratríatlon. A tamén médica, que naceu con albinismo e unha grave deficiencia visual, estreouse nuns Xogos en Rio 2016 cun máis que meritorio quinto posto que transformou en Toquio nunha medalla de ouro. Hoxe é unha das deportistas paralímpicas máis coñecidas a nivel mundial e mesmo conta cunha boneca Barbie coa súa imaxe no marco dunha campaña na que a compañía Mattel homenaxeou nove atletas de referencia. Nestas Olimpíadas será de novo unha das principais bazas da Galiza.



JUAN SAAVEDRA (Pontevedra, 1973). Tiro adaptado. Após facerse cunha prata en Londres e un bronce en Toquio coa carabina de 50 metros, Saavedra, que compite sen parte do seu brazo esquerdo, amputado tras sufrir un cancro na adolescencia, regresa agora con 50 anos a uns Xogos, nada menos que os sextos para el, coa intención de seguir enchendo de éxitos a súa conta persoal.



DAMIÁN RAMOS (A Coruña, 1986). Ciclismo. Un terríbel accidente nun raid de montaña en 2014 provocou que o coruñés, noutrora piragüista de alto nivel, acabase por dedicarse ao ciclismo adaptado. Chega a París após facerse cun ouro e mais un bronce na Copa do Mundo decorrida o pasado maio en Ostende (Bélxica).



JUDITH RODRÍGUEZ (Vigo, 1995). Esgrima en cadeira de rodas. A esgrima foi o subterfuxio de Judith Rodríguez cando lle amputaron a perna dereita tras un accidente de tráfico aos 22 anos. Aquilo non impediu que seguise practicando un deporte que descubriera de cativa e que, agora na modalidade adaptada, levouna a comezos deste mes a gañar un ouro en florete e outra prata en espada na Copa do Mundo de Varsovia (Polonia).



JACOBO GARRIDO (A Coruña, 2002). Natación adaptada. Malia nacer con fémur curto conxénito a querenza de Jacobo Garrido polo deporte foi máis forte e levouno, co paso dos anos, a participar no máis alto nivel. Empezou a unha idade moi temperá a practicar natación por recomendación médica e a competir aos sete anos. Hai tres anos volveu de Toquio con tres diplomas en 400 libres, remuda 4×100 libres e 4x100 estilos.



JUAN FERRÓN (Vigo, 2003). Natación adaptada. O máis novo da expedición galega en París. Perdeu parte da visión de cativo a conta dunha enfermidade mais non por iso deixou de competir no plano deportivo, máis concretamente na natación, toda unha paixón para el. Este ano foi sétimo nos 100 metros bolboreta no Europeo de Madeira, en Portugal.



ARACELI MENDUIÑA (Cangas, 1969). Piragüismo adaptado. Malia ser a veterana da expedición galega, os de París serán os seus primeiros Xogos Paralímpicos. Leva catro décadas practicando o piragüismo adaptado debido á discapacidade que sufriu de pequena nunha perna e cumprido o medio século de vida tornou en deportista internacional do máis alto nivel. Vén de proclamarse campioa de Europa na modalidade KL3 200.



ADRIAN MOSQUERA (Rianxo, 1996). Piragüismo adaptado. Aos 12 anos perdeu unha perna nun atropelo e, como tantas e tantos outros, receitáronlle deporte como terapia de rehabilitación. Foi así como este rianxeiro acabou no piragüismo adaptado. Foi campión do mundo na súa disciplina e o primeiro piragüista galego en ir a uns Xogos Paralímpicos, os de Toquio 2020.



MARTIN DE LA PUENTE (Vigo, 1999). Tenis en cadeira de rodas. Ten só 25 anos pero estes serán os terceiros Xogos para De la Puente, que aspira a tocar o ceo de París. Chega co aval de ser sete veces campión estatal, diploma olímpico en Rio e Toquio e, este mesmo mes, subcampión de Wimbledon. En 2022 gañou o Aberto dos Estados Unidos na modalidade de dobres.



VICKY ALONSO VILARIÑO (Vigo, 1982) e **MANUEL LORENZO** (Mugardos, 1999). Baloncesto en cadeira de rodas. Un deporte de equipo no que Galiza estará representada por partida dobre: Victoria Alonso Vilariño na categoría feminina e Manuel Lorenzo na masculina. Á primeira aválaa unha traxectoria de máis de dúas décadas como internacional, mentres o segundo está aínda comezando unha carreira que promete traer moitos éxitos.